



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE DINAMIZACION LINGÜÍSTICA E DE FOMENTO DA CULTURA GALEGA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade **DECLARA:**

Que esta secretaría xeral ten previsto formalizar coa **Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15/11/2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura, e a Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) para a organización do XIII Congreso Internacional de Estudos Galegos, que terá lugar do 21 ao 24 de setembro de 2022 en Varsovia (Polonia), baixo o título "Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos".

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

Que, de acordo co Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas necesarias para garantir o uso do galego como lingua cooficial e a promoción e difusión da cultura galega.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten atribuídas as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia.

Que a AIEG é unha entidade de ámbito estatal sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, que ten como obxectivo primordial a promoción e difusión do saber científico de temática galega tanto dentro como fóra de Galicia e, como actividade principal, a organización de congresos internacionais sobre estudos galegos.

Que as partes son conscientes da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e sobre o fomento da cultura galega, así como da responsabilidade que nestas materias teñen todas as entidades e institucións. Conforme a isto, as partes colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, que se aprobou en 2004 co fin de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o seu uso nos diferentes eidos sociais e económicos.

Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificando o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

